



# 8 DE MARZO

Na aula de 4 anos **conmemoramos**, que non celebramos, o día da Muller. Achegámonos ao significado desta data, como non podía ser doutro xeito, a través dos contos. En concreto os **ESTEREOTIPOS DE XÉNERO**.

**Biblioteca de aula con diferentes contos onde tratan os estereotipos de xénero:**

- ❖ **Vivan las uñas de colores**
- ❖ **El niño que no quería ser azul y la niña que no quería ser rosa**
- ❖ **Daniela Pirata**
- ❖ **Daniela y las chicas piratas**
- ❖ **Las princesas también se tiran pedos**
- ❖ **O libro dos Porcos**
- ❖ **Biografía de Ernestina Otero**

Estes libros foron contados na hora de ler por parte da mestra e algúns foron traballados na aula para facer distintas actividades.



## “VIVAN LAS UÑAS DE COLORES”

Con este libro a proposta de actividade foi, nun primeiro momento, visionar fotos de mans coas uñas pintadas e a pregunta era: Que é chico ou chica? Na seguinte imaxe descubrimos que eran...

Nun segundo momento, fixemos a lectura do conto, onde o rematar falamos do que nos transmitía.

E por último, pintamos as uñas de cores.



## "8 de Marzo"

O día da Muller traballamos a palabra MULLER e fixemos unhas pulseiras conmemorativas co lema 8M, que as nenas e nenos levaron para a casa a modo de brazaletes.



## "Ernestina Otero"

A través dunha actividade ofertada polo Concello de Redondela achegámonos a vida de Ernestina Otero, pedagoga da nosa vila que loitou pola educación para todas e todos.

